

## Bernardino Graña, presidente provisional da nova Asociación de Escritores Galegos

### ● No outono haberá outra xuntanza para elixir a directiva definitiva

**SANTIAGO.**— (Da nosa Delegación).— A Asociación de Escritores Galegos quedou constituída o domingo pasado, no transcurso de dúas xuntanzas que tiveron lugar no Museo do Pobo Galego, en Santiago. Remataba así o proceso comenzado hai uns meses coa elaboración e discusión en sucesivas reunións de escritores que escriben en lingua galega duns estatutos que foron finalmente aprobados nestas xuntanzas últimas.

Os puntos máis conflictivos, aqueles que se referían á condición de escritor para poder pertencer á asociación e tamén ao tipo de directiva que representaría o poder delegado da asemblea xeral, soberana sempre, á asociación, quedaron definitivamente dilucidados logo de sucesivas votacións entre todos os escritores presentes.

Polo que respecta aos asociados, quedouse, e así constará nos estatutos que agora van ser legalizados, en que serán considerados escritores galegos aqueles que teñan a súa obra publicada en lingua galega e se comprometan, na teoría e na práctica, a defender a oficialidade da lingua en todos os eidos. O libro ou publicación análoga, individual ou colectiva, será de creación literaria (narración, poesía, texto teatral e guión) ou de ensaio, tendo en conta para o caso dos textos teatrais que se considera escritor a calquera autor con obra representada, considerándose ademais calquera circunstancia de censura ou represión intelectual que impida a un determinado autor chegar ao público coa súa obra.

Aínda que non quedase explicitado no proxecto de estatutos aprobado, e logo de desbotar por votación a man alzada o que entrasen estatutariamente na condición de escritores aqueles que teñen ou demostren ter obra inédita sen mais, falou-se, e este foi un criterio acepta-

do por todos, de que o reglamento de réxime interno que se faga no seu día, através do órgano que se decida, podería en todo caso estudar aquelas circunstancias (obra inédita, articulistas en lingua galega...) así como as condicións que identifícoasen a escritores concretos, aínda que non tiveran obra ou libro publicado.

No referente aos órganos directivos, a asemblea decidiu, tamén por votación a man alzada, que a directiva non fose colexiada, senón estruturada en cargos que se concretaran nun presidente, un vicepresidente, secretario, tesoureiro e vocales polas sete zonas en que se considera territorialmente a Galicia (Santiago, Ourense, Pontevedra, Ourense, Lugo, Ferrol e Vigo). A asemblea que se celebre no outono próximo eleixirá, polo sistema de candidaturas, á que será a directiva definitiva con estes cargos. Daquela, a candidatura que resulte eleixida presentará o seu proxecto programático.

Consideraron os escritores presentes na xuntanza do domingo que era necesario proceder á elección dunha xunta directiva provisional, que será a que se encargue de espallar os estatutos, aparte de iniciar o proceso para a súa legalización, de contactar con todos e cada un dos escritores en lingua galega e incluso de estudar un proxecto de reglamento de réxime interno, algo fundamental para o funcionamento axeitado da asociación.

Desta maneira foi votada favorablemente a candidatura presidida por Bernardino Graña; vicepresidente, Carlos Casares; secretario, Alfonso Pexegueiro. Como vocales: Xoan Ignacio Taibo, Luis Alvarez Pousa, Paco Martín e Salvador García Bodaño.

A sé provisional da asociación será a do Museo do Pobo Galego, en Santo Domingo de Bonaval (Santiago).